



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Departamento de
Educación e Cidadanía

DÍA ESCOLAR DA NON VIOLENCIA E DA PAZ **30 de XANEIRO DE 2016**

SOLIDARIEDADE

O problema da paz preocupa moi seriamente a sectores cada vez máis amplos da sociedade nun mundo no que o conflito, a violencia e a insolidariedade están presentes na vida cotiá. As institucións e todo tipo de colectivos e Organizacións Non Governamentais son un elemento fundamental na loita contra estas situacións e obríganos a desenvolver todo tipo de accións que conduzan a reducir e a resolver estas realidades tan dolorosas e traumáticas para amplos grupos da poboación mundial. Os medios de comunicación poñen diante dos nosos ollos e fainos escoitar o dolor, a impotencia e o clamor para que se produza unha reacción de xustiza e de solidariedade.

Sendo en parte esta a realidade na que nos movemos todos os días, é moi importante traballar e reaccionar de maneira positiva coa mellor das iniciativas que poden alterar estas gravísimas situacións de inxustiza social. Trátase do valor da educación e da educación desde as idades máis temperás. De aí a importancia deste acto que hoxe estamos compartindo nesta escola onde as comunidades educativas das escolas infantís conviven ao longo dunhas horas para dar a coñecer o traballo educativo que arredor dos valores da paz e a non violencia son a única garantía para conseguir unha sociedade máis xusta.



CONCELLO DE SANTIAGO

Departamento de
Educación e Cidadanía

Quero agradecer coa miña presenza esta mañá na Escola Infantil Municipal de Meixonfrío-Salgueiriños o traballo de todos os profesionais dos centros de ensino de Compostela que o longo do curso escolar dedican unha parte importante do quefacer educativo á defensa e a difusión dos valores da paz, a convivencia e a solidaiedade. E o Concello de Santiago en correspondencia con ese traballo tamén ten como un dos seus obxectivos prioritarios a redución das desigualdades sociais e a defensa dos máis desfavorecidos para que Santiago de Compostela faga valer a súa vontade de ser realmente unha cidade educadora no que se recoñeza o compromiso do goberno municipal para que a corresponsabilidade social coa educación avance de xeito cualitativo e cuantitativo.

A paz, a convivencia e a solidariedade deben ser o resultado dun traballo transversal que acolla todo tipo de iniciativas e sectores preocupados pola mellora das condicións da educación en Compostela. Comprométome no día de hoxe a seguir divulgando a “Carta de Cidades Educadoras”, como documento consensuado entre as cidades de España e do mundo máis activas na acción educativa para que se despreguen todas as posibilidades educativas cos que conta Santiago de Compostela.

Martiño Noriega Sánchez
Alcalde de Santiago de Compostela